CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Recoñece nun test e é capaz de definir.		
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Recoñece nun test e é capaz de definir.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Recoñece nun test e é capaz de definir.		
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	É capaz de crear unha explicación axeitada de algún mito ou de algún feito histórico que poda relacionar co presente acadando información dende fontes validables	TI	50
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	É capaz de crear unha explicación axeitada de algún mito ou de algún feito histórico que poda relacionar co presente acadando información dende fontes validables		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> <li>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininas na historia. A resistencia á opresión.</li> <li>- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
12	A Romanización da Península Ibérica	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Recoñece nun test e é capaz de definir. É capaz de crear un texto explicativo dende fontes aportadas polo profesor/a.	PE	100
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Recoñece nun test e é capaz de definir. É capaz de crear un texto explicativo dende fontes aportadas polo profesor/a.		
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Recoñece nun test e é capaz de definir. É capaz de crear un texto explicativo dende fontes aportadas polo profesor/a.		
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Recoñece nun test e é capaz de definir. É capaz de crear un texto explicativo dende fontes aportadas polo profesor/a.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.
- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.

-Favorecer situacións nas que os alumnos/as realicen aprendizaxes significativas por si mesmos e actualicen os seus coñecementos.

- Integrar aos alumnos/as na dinámica xeral da aula e arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo.

- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para os alumnos/as, co fin de que resulten motivadoras.

- Utilizar ó máximo todos os recursos materiais didácticos dispoñibles no centro: biblioteca, aula de audiovisuais, aula de informática

etc...

- Fomentar o traballo activo dos alumnos/as na aula mediante a realización de exercicios, debates e atendendo especialmente aos procedementos da área.

A metodoloxía específica a empregar constará basicamente dunha diversidade de técnicas e instrumentos para desenvolver os estándares de aprendizaxes que se indican para os distintos bloques de contido e a utilización dun método adaptado ás características do grupo.

Pretenderase combinar o traballo individual, o traballo en equipo e o traballo en gran grupo, en función das características de cada actividade, encamiñado a que coñezan a realidade histórica en tódolos os seus compoñentes.

Para iso seguiremos a secuencia

seguinte:

- Fase 1 Partimos do enfoque sobre o punto de partida para cada unidade didáctica que se detalla nesta programación. Actividades de presentación dos contidos da unidade e das fontes de información explicándolles QUÉ, CÓMO e PARA QUÉ traballan e como se lles vai a avaliar; actividades de avaliación inicial de coñecementos previos sobre os contidos da unidade- torbeliño de ideas, coloquio, proba... e actividades de motivación. Vídeo curto ou lectura de documentos seguidos de dúas ou tres preguntas que inciten o debate ou xogo de simulación.

- Fase 2 - Actividades de repaso e ou recondutoras, en función do punto de partida de cada unidade, avaliación inicial . Actividades de desenvolvemento, consistentes na análise das cuestións obxecto de coñecementos, mediante a información proporcionada polo libro de texto as actividades contidas nel, material proporcionado polo/a profesor/a e, ocasionalmente, polo/as alumnos/as. Traballaranse distintas fontes de información (textos escritos, información oral, TICs ¿.). É a fase máis longa e tódalas impresións, resultados, valoracións, datos¿etc, deben ser recollidos no caderno de traballo do alumno/a. Estas actividades presentarán tres variedades como medidas de atención a diversidade: aplicación (dirixidas a tódolos alumnos/as do grupo); reforzo (dirixidas ós/ás alumnos/ con boa actitude pero con dificultades para seguir o ritmo de aprendizaxe), de ampliación (para aqueles/as que non teñen dificultades e poden aplicar procedementos máis complexos e emitir a súa propia opinión razoada e viable) e de investigación.

- Fase 3 - Establecemento de conclusións sobre as cuestións traballados na fase anterior mediante a realización de actividades de síntese. - Presentación de resultados, cunha posta en común das conclusións sobre as actividades de síntese que tamén figurarán no caderno de traballo do alumno.

- Fase 4 - Actividades de avaliación O remate do proceso de traballo sobre os contidos das unidades didácticas, tal como se indica na secuenciación e temporalización, realizarase unha proba escrita de verificación do grao de logro dos obxectivos das unidades dese

bloque e, sobre todo, do progreso dos alumnos. Tamén se avaliará a metodoloxía utilizada e a adecuación dos contidos elixidos, mediante as actividades de coavaliación , con propostas do alumnado ó/á profesor/a e a súa discusión nas reunións de departamento

durante o seguemento da programación.

#### AGRUPAMENTOS

O desenvolvemento do traballo en fases distintas necesita agrupamentos diversos:

a) Traballo individual na análise de fontes de información, na realización de actividades formativas, na proba escrita e na autoavaliación. Dito traballo farase dentro e fora da aula.

b) Traballo en equipo (3/4 integrantes habitualmente), en diversos momentos da fase de análise das cuestións obxecto de investigación e na formulación das conclusións parciais.

c) Traballo en gran grupo nas fases de motivación, de detección de coñecementos previos (con debate), na fase de actividades de análise, ou en diferentes momentos do traballo da unidade coa finalidade de aclarar conceptos, recondución e/ou acadar unha síntese final.

Tódolos agrupamentos serán flexibles, adaptados as necesidades de cada momento do proceso e, para construílos, o criterio xeral inicial será a motivación e o ritmo de aprendizaxe, ou sexa, que presenten un ritmo de aprendizaxe similar e que, se non todos, algún ou algúns dos compoñentes presentan motivación para o traballo e capacidade de liderar e dinamizar ó grupo. Procuraremos, se é posible, que todos sexan mixtos. Tódolos agrupamentos serán flexibles, adaptados as necesidades de cada momento do proceso e,

para construílos, o criterio xeral inicial será a motivación e o ritmo de aprendizaxe, ou sexa, que presenten un ritmo de aprendizaxe similar e que, se non todos, algún ou algúns dos compoñentes presentan motivación para o traballo e capacidade de liderar e dinamizar ó grupo. Procuraremos, se é posible, que todos sexan mixtos.



**METODOLOXÍA A DESENVOLVER DIARIAMENTE NA AULA DA ESO.**

Partirá da exposición clara, sinxela e razonada dos novos contidos por parte do profesor e profesora, utilizando esquemas, mapas conceptuais, eixes cronolóxicos, vídeos, noticias, presentacións informáticas etc.

Realízanse actividades como: buscar información, elaborar mapas históricos, elaborar de eixos cronolóxicos e mapas mentais con visual thinking (sobre todo no 2 curso) e facer exercicios do libro de texto.

Procurarase que todas as tarefas sexan realizadas en clase, sobre todo nos cursos de primeiro e segundo ESO.

Realízase unha corrección das actividades e actividades de síntese. As actividades quedarán rexistradas no caderno de clase.

- Atención á diversidade: Por cada unidade, os alumnos completan un esquema que contén os contidos mínimos da mesma. Os alumnos que o precisan fan fichas de reforzo ou utilizan material adaptado.

**4.2. Materiais e recursos didácticos**

Denominación
Libro de texto
Internet na aula, na biblioteca do centro e de poder ser, no propio domicilio
Aula virtual do centro

**5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

Realízanse unhas breves explicacións e unha tarefa sobre coñecementos de xeografía, cartografía e escalas durante os primeiros días de clase.

A función da citada proba será a detección de capacidades diversas no alumnado. Tras a mesma procurárase coordinar co departamento de orientación unha vía de formación axeitada á necesidade do alumnado.

**5.2. Criterios de cualificación e recuperación**

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	6	4	7	7	8	2	12	11	10	11
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	40	100	100	100	100	100
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	0	60	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>12</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	100	<b>89</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	0	<b>11</b>

### Crterios de cualificación:

A Avaliación realizarase igualmente a través dos Criterios de Avaliación e as Competencias Clave que poderemos avaliar a través da Rúbrica de Avaliación.

Igualmente poderemos levar a cabo unha Avaliación Competencial a partir da rúbrica proposta:

## Avaliación das Competencias Clave.

O nivel de cumprimento destes obxectivos en relación cos criterios de avaliación fixados non debe ser medido de forma mecánica, senón con flexibilidade, e tendo en conta a situación do alumnado, o curso en que se atopa, ademais das súas propias características e posibilidades. Á súa vez, a avaliación, cumpre, fundamentalmente, unha función formativa, porque lle ofrece ao profesorado uns indicadores da evolución dos sucesivos niveis de aprendizaxe do seu alumnado, coa conseguinte posibilidade de aplicar mecanismos correctores das insuficiencias

- A avaliación formativa ou orientadora faise durante o proceso de aprendizaxe, observando sistematicamente o progreso, dificultades do alumnado en dito proceso.

- A avaliación sumativa ou final faiseo remate do proceso de aprendizaxe determinando se o alumnado adquiriu as capacidades requiridas e en qué grao.

- A avaliación ordinaria:

Farase en tres avaliacións, de tal xeito que os contidos mínimos das primeiras avaliacións poden estar presentes nas seguintes e segundo os criterios de cualificación que se explicitan.

Os instrumentos de avaliación a utilizar co fin de coñecer o grado de comprensión dos conceptos e procesos, son:

- A realización de sínteses mediante esquemas, resumos ou gráficos.

- A cantidade e calidade dos coñecementos adquiridos.

- A comprensión dos mesmos.

- A capacidade de síntese e análise.

- A comprensión e desenvolvemento das actividades.

- A utilización das fontes de información.

- Probas escritas, orais e traballos individuais.

Nos traballos avaliarase a calidade, exposición, coordinación, interese e participación.

Procedimental (análise e comentario de documentos específicos da materia)

Esta proba pode referirse ao comentario de textos relacionados cos contidos tratados, termos, textos, comentarios e táboas estadísticas, gráficos, pirámides de poboación, cartografía (localización e análise de mapas políticos ou temáticos, planos).

Sempre adecuándose ás modalidades citadas de ensino presencial, semipresencial e non presencial utilizarase medios electrónicos, telemáticos e semellantes como:

Preferentemente a Aula virtual do centro, Google Classroom, Podcast, Abalar, Google Forms, GMail, Kahoot, Edmodo e aplicacións de vídeoconferencia e similares como Webex, Teamsou Zoom.

Ademais, o profesorado poderá concertar entrevistas individuais co alumnado a través de videochamada como parte dos procedementos e instrumentos de avaliación nos casos que estime oportunos.

As probas escritas serven para que o alumno se dea conta dos seus avances e dificultades, o tempo que nos permiten detectar qué conceptos, procedementos ou actitudes deben ser reforzados.

Os criterios para cualificar ao alumnado serán os seguintes:

- Cada exame sinalará o valor de cada unha das preguntas.

- Haberá probas escritas (exames) ou dixitais nas que os alumnos deberán contestar a preguntas tanto teóricas como prácticas.

- O alumnado deberá entregar os diferentes exercicios e esquemas que se veñan solicitando, realizados na aula o una casa.

- A ponderación dos exames escritos, dixitais ou traballos específicos na nota de avaliación será como mínimo do 80%, dependendo do número de exames feitos, en cada avaliación haberá como mínimo dous exames (salvo causa de forza maior).
- A ponderación de outros traballos escritos, dixitais ou traballos específicos, exposicións orais, cuestións, tests e as actividades diarias da clase que se realicen durante a avaliación será como máximo do 20%, dependendo do número de traballos propostos e feitos.
- Para acadar un aprobado da asignatura hai que demostrar que se supera o 50% da materia para iso é preciso que a suma das notas expresadas no boletín ou nas recuperacións das partes supoña 15 pts ó final do curso.
- Ter unha avaliación suspensa implica a obriga de recuperala, non se compensa facendo media coas demais avaliacións se a cualificación é dun 3 ou inferior.
- Nas notas da avaliación, que só admiten números enteiros, aplicarase o seguinte criterio:
- Si o alumno ou alumna obtivo como promedio unha cifra enteira, transcribirase esta sen alteracións nas actas.
- En cada trimestre a cualificación media acadarase mediante o redondeo científico (exemplo: 4'5 ou máis significa 5; menos de 4'5 significa 4).

De non cumprirse as condicións de superación do curso o alumnado terá que facer unha recuperación total ou parcial por trimestres suspensos (según decisión do profesor) no mes de xuño.

#### FRAUDE OU COMPORTAMENTOS NON PERMITIDOS EN PROBAS, ENTREGAS, TRABALLOS OU CALQUER ELEMENTO OU SITUACIÓN AVALIABLE:

Calquera destas condicións pode ser alterada polo profesor previa explicación en cada proba, pero de común considerase que:

- Na presentación de traballos/entregas non está permitido o plaxio, a manipulación mecánica do texto (webs de tradución ou alteración), o copiado-pegado nin a inspiración non lexítima (parafraseo, cambiar verbas mantendo o texto) nin provintes de fontes externas nin de compañeiros de clase/centro. Poden ser considerados fraudulentos todos os implicados.
  - Non está permitido acceder a ningunha información nin oral nin por escrito durante unha proba, salvo coñecemento e permiso expreso do profesor.
  - Os profesores/as poderán solicitar que se ensine o pabillón auditivo, os petos ou pedir aclaración sobre calquera prenda/actitude sospeitosa sempre que non atente contra a integridade moral do alumno/a (ver máis abaixo).
  - Os dispositivos electrónicos ó acceso do alumno/a durante a proba (tamén se só é para consultar a hora, calculadoras intelixentes para facer operacións, reloxos, etc.) se consideran motivo de fraude.
  - Non gardar a debida compostura (actitude silenciosa e respetuosa) ou impedir o normal desenvolvemento da proba tamén pode ser considerado un comportamento fraudulento e conlevar as sancións axeitadas.
- Actuación, sanción e avaliación:
- A detección dunha actitude fraudulenta de calquera tipo supón a imposición dunha falta de orde.
  - No caso dun traballo/entrega fraudulento, o alumno recibirá unha cualificación de 0, amosaráselle ou se lle explicará a orixe do fraude e contará para a media da avaliación coma unha entrega feita pero sen valor.
  - Se se está no transcurso dun exame/proba, o profesor que detecte a acción fraudulenta pode retirar a mesma, considerala nula e repetila/modificala a modo de recuperación do trimestre/final de curso ou como considere que sexa necesaria. O alumno constará ese trimestre cunha cualificación na que se considere que acadou un 0 na proba á espera do resultado da recuperación, que pode ter lugar máis tarde nese mesmo trimestre, en outro ou ó final do curso, según considere o profesor/a.
  - Se o profesor/a detecta o fraude durante a corrección, chamará a atención do alumno, presentaralle as probas do comportamento impropio e a proba considerarase nula. Repetirase baixo as mesmas condicións que no epígrafe anterior.
  - Se a conducta fraudulenta se da durante un exame de recuperación do trimestre automaticamente se lle cualificará cun 0 e se considerará que non recupera o trimestre, mantendo a nota acadada durante o trimestre. Se está na recuperación final do curso, retiraráselle a proba e considerarase que o alumno non supera a materia, mantendo a nota que acadou durante o curso (cun máximo dun 4).
- Ademais, en atención ós diferentes casos posibles:
- No caso de unha negativa a colaborar con unha comprobación, o profesor/a retirará a proba e pode considerala fraudulenta por completo. Se a comprobación se puidese considerar ofensiva (zona xenital/peito) e o alumno/a se negase a colaborar o profesor/a solicitará a axuda de alguén do equipo directivo/garda e o alumno/a será posto a disposición da Xefatura de Estudos. A proba considerarase fraudulenta salvo aclaración explícita dende a Xefatura de Estudos.
  - Se un alumno/a impide o normal desenvolvemento da proba de calquera forma reincidente (tras ser advertido) pode

ser expulsado considerándose que tivo ocasión de realizala e que declinou facelo. O exame seráselle retirado e avaliado en atención ó que tivese escrito/feito ata ese momento.

### **Criterios de recuperación:**

- O alumnado que ao longo do curso non acadase os obxectivos reflectidos nesta programación poderá realizar exames de recuperación. Estes exames realizaranse segundo o criterio do profesor que imparte a materia adaptable ás avaliacións que teña suspensas cada alumno/a durante o curso (o alumnado con alguna avaliación aprobada pode non ter que recuperar a mesma, a criterio do profesor).
- A nota que obteña na recuperación será a que computa para a final da avaliación ordinaria.
- Actividades de reforzo e de ampliación: Despois da realización das probas da avaliación ordinaria (datas indicadas no calendario escolar) e durante o tempo entre elas e a proba extraordinaria, poderanse propor actividades de reforzo e ampliación segundo o caso. O profesorado poderá ofrecer explicacións dos contidos e diferentes tipos de exercicios ou actividades que intenten solucionar o déficit do alumnado na materia.
- O alumnado e as súas familias serán informados destes criterios de cualificación, na web do centro e na aula virtual de cada grupo. En canto ás familias poderan acudir a páxina web do centro ónde se publicará esta programación.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O plan de recuperación de materias pendentes debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- g) Acreditación da información á familia.

Será levado a cabo polo profesor/a que teña ó alumno/a en aula no grupo que corresponda. Realizaranse unha suma de probas/entrega de traballos que serán medidos e se se acadase o 50% ou máis do valor nos instrumentos de avaliación dispostos a tal efecto, pódese considerar que o alumno/a amosou a súa competencia e terá superada a materia.

Farase unha medición (exame/traballos) durante o 1º trimestre que conte cun 50% da cualificación, outra medición sobre a parte restante conte outro 50% da cualificación no segundo trimestre. Se se superan ambas partes ou a suma das dúas acadase ou supera o 50% da nota (non redondeado, tomarase a nota e debe acadarse de media un 5 ou máis) a asignatura queda recuperada.

Se non se superasen as partes (sumadas, cada unha cun valor de 50%) realizarase no terceiro trimestre unha valoración final do conxunto da asignatura (100%) e se aínda así non se acadase ou supera o 50% (un 5 ou máis non redondeado), no período de recuperación farase unha nova medición mediante un exame co valor do 100% de novo baixo as mesmas condicións que o anterior.

Por parte do profesor/a se lle proporá un proceso de apoio e resolución de dúbidas quedando a disposición do alumno/a e do docente o Xefe de Departamento para calquera cuestión que precise en horario reservado a este efecto.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Procurarase atender as necesidades especiais educativas (NEE) e as necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) en coordinación co departamento de orientación, cos compañeiros docentes e coas propias familias.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Pendentes de designación	X	X	X	X	X	X	X	X
	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12				
ET.1 - Pendentes de designación	X	X	X	X				

### Observacións:

Pendientes de designación

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Pendientes de designación	Pendientes de designación	X	X	X

### Observacións:

Pendientes de designación

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Caderno do profesor
Metodoloxía empregada
Diario de clase
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Análise de resultados académicos e de consecución da temporalización

Medidas de atención á diversidade
Enquisa de satisfacción

**Descrición:**

Os elementos arriba consignados servirán tanto para levar conta da práctica do profesor/a coma das súas sensacións en aula ou en atención ós resultados observados de forma cuantitativa e cualitativa. Tamén se terá en conta a opinión dos alumnos coa enquisa de satisfacción ó final de curso.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Realizarase un cuestionario de autoavaliación e outro de avaliación por parte do alumnado. Procurarase levar un diario de clase sobre a práctica docente, sempre que as condicións do servizo o permitan.

**9. Outros apartados**